

# JESÚS G. GAYOL, nel recordo



*Jesús González Gayol, deixóunos un día mouro de setembro. Na súa vida profesional, y tamén nel qu'escribía pra nosoutros, achegaba el mundo da llabranza col da natureza dende úa visión respetuosa col medio ambiente. Era un compromiso cua terra unde fora nacido, en Bourio (Castripol), que tamén lo llevóu a ser un defensor consecuyente da súa fala materna. Un bon amigo d'él, Graciano García, director da Fundación Príncipe d'Asturias, quer recordallo dende estas páxinas que Jesús tantas veces visitóu.*

↓ Graciano García

**P**enso, como el poeta, que morres dafeito nada máis conde naide te recorda. Por eso, Jesús González Gayol, el meu amigo del alma, pode que se nos fora, pero nun ta morto, porque sigue na mía acordanza y nel acordanza d'outros moitos que, como eu, disfrutaron da súa amistá. Desde núa tarde tranquila del Occidente asturiano, que nun pintaba deixar sito prá tristeza, conocín a súa doliosa desaparición, é raro el día que, por úa razón ou outra, nun se me renembre.

Jesús foi, antias de nada, un home fundamentalmente bon. Os anos que trabayóu na Fundación Príncipe d'Asturias como director del Instituto del Campo deixaron úa sésiga mui fonda nos que compartimos con él tantas ilusiós, postas al servicio d'un proxecto cuase utópico, como era el d'axudar, con ben poucos medios, á modernización del campo asturiano.

El llabor que fexo nos lugares da montaña, d'emparzao con un peteiro de técnicos qu'él escoyéu, pra poñer al día y botar a andar con métodos novos el apicultura, foi ún dos proxectos máis maraviosos qu'eu vivín, y qu'a máis d'ún ye parecéu un verdadeiro disparate. Os sous resultados foron espectaculares. Nus anos, el apicultura pasóu de ser un recurso marxinal pra mui poucas familias a volverse úa fonte curiosa de riqueza pra moitos dos nosos llabradores. Llevaron úa búa xeira Jesús y a súa xente. Fixeron el llabor con tanto afán y arrogancia, que nosoutros, na fundación, chamábamoyes os «misioneros». Nesa obra, da que tan orgullosos tamos na institución que dirixo, tuvo un discreto y ben eficaz papel, como tantas outras veces nas súas vidas, María José, a muyer intelixente y trabayadora de Jesús Gayol.

Un día, despóis de varios anos d'entrega dafeito a os obxetivos que ye marcóu a Fundación, y tando na fe, cua honradez que sempre lo caracterizóu, de qu'el sou

servicio a Asturias taba noutro sito, deixóunos pra botar a andar outro dos sous máis queridos soños: poñer en marcha, nel llugar unde fora nacido, úa empresa dedicada al cultivo d'árboles autóctonos y prantas. Desiguada ese proxecto se fexo realidá y medróu. Gracias á ilusión de Jesús y á súa constancia, y dando exemplo del importante qu'é prá prosperidá común emprender y aventurarse—cousa que tanto se bota en falta na nosa Asturias—, amañóu postos de trabayo y aprendéu a moitos mozos a ser us bus profesionales nesta nova actividá. Soñaba Jesús con anovar el campo asturiano, quería fer d'él un sito unde rellumaran el conocemento y a innovación, un paraíso de prosperidá y de calidá de vida.

Por definición, empresario é el que s'embarca núa empresa de sou por sí; el qu'organiza, dirixe y asume el peligro d'un negocio. En términos prácticos, é el home que lo xoga todo y aventura muito pra sacar tamén mui beneficio. Nun foi este el caso de Jesús que, se aventuróu todo, xamáis quixo enriquecerse materialmente cua súa empresa. Porque Jesús foi tamén, y primeiro de nada, úa persona mui ben arrogante y miga interesada que quixo fer novo el sol de cadaldía y, da vida, úa creación continua.

Sempre vai ir comigo el momento en que centos d'amigos ye demos emocionadamente el último adiós nel cementerio de Tol, nun guapísimo y tranquilo espacio da lladeira que vai baxando axeitín hacía a ría de Castripol. Nos meus paseos pol carreiro que, al pé del mar, vai dende Tapia a Serantes, vexo nos días claros el sito unde ta Jesús. Máis d'úa vez volve á mía acordanza un poema que fala d'aquella amistá que nunca morre y consólame da señardá pola falta del amigo:

*Otros han desaparecido entre las sombras.  
Tu no, tu luz escueta permanece.*

